

CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA

Expediente núm.: 62/2018

Anuncio Bolsa Auxiliar de Rexedor aprobada

Procedemento: Selección de Persoal e Provisión de Postos

Asunto: Constitución Bolsa de emprego de persoal laboral temporal para a provisión do posto de traballo de Auxiliar de Rexedor

Documento asinado por: O xerente

ANUNCIO

BOLSA DE EMPREGO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE AUXILIAR DE REXEDOR NO CONSORCIO PARA A PROMOCIÓN DA MÚSICA.

O xerente deste Consorcio, por Resolución número 2018-0463 de data 27 de setembro de 2018, resolveu o seguinte:

«RESOLUCIÓN DE XERENCIA

Unha vez finalizado o procedemento para a constitución da bolsa de emprego temporal para prover provisionalmente postos de Auxiliar de rexedor no Consorcio para a Promoción da Música.

Vista a proposta formulada polo tribunal calificador en data 20/09/2018, de conformidade co acordado por resolución de presidencia número: 2018-0007 de data 13/03/2018,

RESOLVO:

Primeiro.- Declarar válido o procedemento de selección para a creación dunha bolsa de traballo para a cobertura de postos de auxiliar de rexedor no Consorcio para a Promoción da Música.

Segundo.- Declarar validos os acordos adoptados polo Tribunal en relación ás reclamacións presentadas no desenvolvemento do procedemento.

Terceiro.- Aprobar a bolsa cos candidatos que obtiveron unha puntuación mínima de 5 puntos, e pola orde que a continuación se expón:

BOLSA AUXILIAR REXEDOR Expediente núm.: 62/2018								
	APELIDOS, NOME	MÉRITOS PROFESIONAIS					Punt. Examen	Punt. Total
		EXP.	TIT.	INF.	Cursos	TOTAL Méritos		
1	RÚA LOBO, JOSÉ	2	0,25	1,00	1,00	4,25	8,65	12,90
2	MUIÑOS MOSCOSO, LUIS MIGUEL	0	0,25	1,00	1,00	2,25	9,55	11,80
3	BONHOME BARREIRO, MONTSERRAT	0	0,75	0,25	1,00	2,00	9,10	11,10
4	PAZ RUIDO, BEGOÑA	0	0,75	1,00	1,00	2,75	7,30	10,05
5	RUBAL FRANCO, MARÍA TERESA	0	1,00	0,82	0,26	2,08	7,85	9,93
6	CILLERO CASTRO, EMILIO JOSÉ	0	0,25	1,00	0,00	1,25	8,65	9,90
7	FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, VANESSA	0	0,75	1,00	0,55	2,30	7,35	9,65
8	GANCEDO HERRERAS, TRINIDAD	0	1,00	0,25	1,00	2,25	7,30	9,55
9	CABADAS ALVAREZ, ANABEL	0	0,75	0,44	0,00	1,19	8,20	9,39
10	SOUSA PEDREIRA, LUIS MANUEL	0	0,25	1,00	0,00	1,25	7,75	9,00
11	ARAUJO QUINTEIRO, JAVIER	0	0,75	0,25	0,03	1,03	7,75	8,78

CONSORCIO PARA LA PROMOCIÓN DE LA MÚSICA

12	HUERGA GARCÍA, JAVIER	0	0,75	0,25	0,00	1,00	7,75	8,75
13	OTERO GONZÁLEZ, CARLOS	0	0,25	1,00	0,12	1,37	7,35	8,72
14	SAAVEDRA LÓPEZ-SANCHO, ALBERTO	0	0,75	1,00	1,00	2,75	5,55	8,30
15	CASTIÑEIRA MOUZO, JESÚS MANUEL	0	0,25	0,00	0,00	0,25	7,75	8,00
16	COSTA PÉREZ, ALBA	0	0,75	0,00	0,00	0,75	6,95	7,70
17	RICO FERNANDEZ, ÁNGEL	1	0,00	0,00	0,00	1,00	6,65	7,65
18	COLLAZO NIETO, CARMEN	0	0,75	0,00	0,00	0,75	6,66	7,41
19	GÓNZALEZ PÉREZ, DIEGO	0	0,50	0,00	0,00	0,50	5,95	6,45
20	PAZOS TENREIRO, OLALLA	0	1,00	0,00	0,00	1,00	5,40	6,40
21	SOUTO POL, MARTÍN	0	0,75	0,00	0,00	0,75	5,35	6,10

Cuarto.- A bolsa de traballo funcionará conforme o artigo 15 das bases da convocatoria aprobadas por resolución de presidencia número: 2018-0007 de data 13/03/2018 que é o seguinte:

“15. BOLSA DE TRABALLO.

15.1. Todas as persoas que superen o proceso de selección serán incluídas nunha bolsa de traballo para os futuros nomeamentos que resulten necesarias co fin de cubrir de forma urxente vacantes temporalmente debidas a baixas por enfermidade, maternidade, permisos, vacacións, ausencias xustificadas ou en xeral cando as necesidades do servizo así o requira.

15.2. Por resolución da Xerencia, a proposta do Tribunal cualificador, aprobarase a bolsa de traballo cos aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de maior a menor puntuación, indicando a que obtivo cada un deles.

Dita aprobación publicarase no Taboleiro de anuncios do Consorcio, no Taboleiro de anuncios e no Portelo de transparencia da sede electrónica do Consorcio (<http://consorciopromocionmusica.sedelectronica.gal>) e na páxina web do Consorcio (http://sinfonicadegalicia.com/es/seleccion_personal/).

15.3. O nomeamento do persoal efectuarase seguindo a orde de puntuación establecida na bolsa de traballo, de xeito que cando se deba proceder á cobertura temporal ofertáraselle o posto de traballo ao primeiro aspirante da lista. Previamente, e cando exista a constancia firme da necesidade de cobertura do posto de traballo (parte baixa, solicitude de vacacións,...), emitirase un informe de existencia de crédito do servizo de secretaría-intervención.

15.4. Será fixado polo órgano competente o número de persoas por posto ás que se lle fará requirimento, indicándolle o número de orde no que se atopa na prelación establecida polo Tribunal, de tal maneira que, no suposto de que a persoa ou persoas coas maiores puntuacións non tomen posesión no prazo establecido, non aporten debidamente a documentación á que se refire a base 16ª, ou renuncien por escrito a prestar os servizos para os que se lle require, pasarase aos seguintes na lista.

Dito requirimento será realizado de forma telefónica, deixando dilixencia de esta actuación un traballador indefinido do Consorcio.

De non ser localizado o primeiro integrante da lista, procederase a chamar aos seguintes aspirantes.

A falta de contestación telefónica dun candidato da lista para a súa incorporación non será considerada como renuncia, conservando o seu posto na mesma para as próximas incorporacións.

15.5. O integrante da bolsa que obteña un nomeamento para a cobertura dun posto de traballo causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice a súa contratación, a través da correspondente resolución da Presidencia e sinatura do contrato, volverá causar alta no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos no proceso selectivo.

15.6. A renuncia a un posto de traballo ofertado supoñerá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de traballo, salvo que concorra unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Situación de incapacidade temporal.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.
- Contrato de traballo.
- Causa de forza maior que sexa apreciada con tal carácter.

Todas estas circunstancias deberán acreditarse cos documentos oficiais correspondentes.

15.7. Feito o chamamento mediante requirimento, a renuncia ao posto de traballo farase de forma expresa. Para elo, o aspirante comunicará a súa renuncia ao posto nun intervalo máximo de 48 horas desde que se produce o chamamento, indicando, de selo caso, a causa que a motiva a fin de determinar se concorre nun dos supostos establecidos na base 15ª.6 ou 15ª.8.

Se o aspirante non realiza dita comunicación no tempo indicado, deixarase dilixencia desta incidencia polo traballador funcionario do Consorcio e procederá a chamar aos seguintes aspirantes.

15.8. A exclusión dun aspirante da bolsa de traballo poderá producirse por algún dos seguintes supostos:

- Solicitudude expresa.
- Por rexeitamento de oferta de traballo adecuada por causa non xustificada.
- Por falta de incorporación ao seu posto de traballo trala aceptación da oferta por causa non xustificada.
- Ser sancionado, con carácter firme, por unha falta tipificada como grave/moi grave.
- A falta de comunicación da renuncia no modo establecido”.

Quinto.- Darlle publicidade á presente resolución, no Taboleiro de Anuncios do Consorcio (Oficinas-Palacio da Ópera, Glorieta de América nº 3 da Coruña), no Taboleiro de anuncios e no Portelo de transparencia da sede electrónica do Consorcio (<http://consorciopromocionmusica.sedelectronica.gal>) e na páxina web do Consorcio (www.sinfonicadegalicia.com) de conformidade co establecido nas bases da convocatoria e lexislación aplicable.

Sexto.- Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante o Presidente do Consorcio, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da mesma, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de interpoñer calquera outro recurso que se estime máis conveniente e sexa conforme a dereito.

O xerente,

Andrés Luís Lacasa Nikiforov

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE